



Prezada veciña, prezado veciño,

O goberno municipal de Catoira vén de realizar unha auditoría de toda a rede de saneamento municipal para localizar infiltracións e determinar cales son as necesidades de investimento para mellorar o sistema de recollida, transporte e depuración de augas residuais no noso concello.

O estudo conta cun orzamento de preto de 15.000 euros financiados grazas a unha subvención autonómica. Foi realizado durante o mes de outubro pola empresa 'Rexega Ingeniería y Consultoría' a cargo do enxeñeiro industrial Ramón Caneda Frade, que fixo unha descrición detallada do sistema, con planos e documentación gráfica das inspección dos puntos de control, pozo a pozo de rexistro, ao longo dos 30 quilómetros de extensión do saneamento, e as estacións de bombeo que conducen as verteduras á depuradora.

O motivo de encargar este traballo é que o Concello sabe que a infiltración de augas de choiva e freáticas nos colectores e nos bombeos é unha das principais problemáticas na xestión da rede de saneamento local. Por unha banda, os colectores non están deseñados para recoller cantidades tan elevadas de auga, producíndose moitos asolagamentos e descargas en puntos localizados. Por outra, as infiltracións aumentan considerablemente o volume de auga a tratar na depuradora, o que deriva en incrementos de consumo de enerxía e nunha deficiente capacidade de tratamento das verteduras entrantes antes da súa evacuación no mar.

As conclusións da auditoría non poden ser máis claras: o sistema de saneamento do concello presenta "afeccións graves" por infiltracións 'naturais', pero tamén por enganches irregulares de augas pluviais de vivendas. Segundo os datos, en días de outubro sen chuvia chegaron á depuradora case dous millóns de litros (22,5 l/s) que non deberían entrar, unha cifra que supón a metade do caudal máximo de tratamento da EDAR e que, como dixeran, afecta tanto ao seu rendemento como ao consumo eléctrico.

En total, en apenas un mes identificáronse 58 incidencias na análise de campo, sendo 30 de gravidade "moi alta" e outras dez de gravidade "alta" non só por infiltracións naturais de augas do solo, senón por acometidas de augas brancas (pluviais) procedentes de vivendas particulares con tubos enganchados de maneira irregular.

A situación é preocupante pola sobrecarga que isto produce na depuradora, que ve ocupada a metade do seu volume de tratamento con augas "impropias", pero os problemas multiplícanse porque existen tamén entradas repetidas e importantes de residuos sólidos tanto nos bombeos como na depuradora que atascan e producen avarías totalmente evitables.

Estes residuos son sorprendentes, téñense localizado de maneira continua e en varios puntos desde sobres de maionesa ou mostaza ata ósos de churrasco. Neste último caso a explicación non é outra que hai xente que bota restos das comidas aos animais, despois baldean con auga e todos os ósos e outros sólidos entran ao saneamento atoando o sistema.

Todos os enganches de augas pluviais e as malas prácticas están identificadas grazas á auditoría, polo que dende o goberno local solicitamos a que ten ese tipo de hábitos que os elimine de raíz porque, ao crear tapóns nas tubaxes, bombeos e na depuradora, xeran un gasto moi grande ao Concello que non permite investir cartos noutras actuacións.



Segundo nos di a auditoría, a resolución das deficiencias detectadas en termos de infiltracións é factible tecnicamente, cun custo “reducido en relación ao beneficio esperable”, especialmente debido ao aforro enerxético nas EDAR e nos bombeos. A maior parte das actuacións e medidas correctoras serían a impermeabilización dos pozos de rexistro; a separación das augas de drenaxe e pluviais para as vivendas por parte das persoas usuarias, facendo novas acometidas e cegando as irregulares; a instalación de novos colectores e reparacións nas estacións de bombeo, así como a corrección de tapas e pozos de rexistro inaccesibles.

En calquera caso, no Concello temos un traballo principal a futuro: realizar un Plan Director integral de saneamento para construír redes separativas, planificar ampliacións da rede de saneamento, estudar a xestión de sistemas de pequenos núcleos e melloras na depuradora e nos bombeos, así como dixitalizar infraestruturas. Con esa folla de ruta para mellorar significativamente a prestación dos servizos á veciñanza, a nosa intención é ir avanzando por fases, dando prioridade ás zonas máis urxentes.

Todas esas actuacións tan necesarias precisan fondos agora non dispoñibles e para evitar a deterioración, o principal nestes momentos é facer un uso correcto da rede de saneamento por parte da poboación e manter as instalacións ao día por parte do Concello.

É por iso, para informarte da situación do saneamento, solicitar boas prácticas e agradecer a túa colaboración, que che remito esta carta.

Sen máis, un cordial saúdo.

Xoán Castaño

ALCALDE DE CATOIRA